Segundo.- A interesada a Sra. Dolores Folgar Brión solicita que a tenor do disposto no artigo 111 da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se deixe en suspenso o acto impugnado ao implicar a denegación da licenza danos de difícil reparación.

Establece o artigo 111 da Lei 30/92 que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición establezca o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

No obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recurrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución de acto impugnado cando concurran algunha das seguintes circunstancias: a) Que a execución puidera causar prexuízos de imposible o difícil reparación. b) Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta Lei.

Resulta evidente que neste caso non se atopa amparada en dereito a solicitude de suspensión do acto impugnado.

Terceiro.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Cuarto.- O artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (no sucesivo LOUGA), dispón que están suxeitos a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como, entre outros, as obras de nova planta.

Quinto.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 195 da LOUGA no que se esixe que coas solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Asemade, para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de agosto de 2015 redactado por M^a Carmen Gago Fernández así como Replanteo efectuado pola Demarcación de Costas del Estado en Galicia asinado polo Xefe de Servicio de Actuación Administrativa Juan Antonio Noguero Gómez.

A petición da licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello, ó tratarse de obra maior.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexto.- O artigo 197 da LOUGA establece que no acto de outorgamento da licenza determinarase os prazos de caducidade da mesma por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Sétimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Oitavo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico desfavorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 13 de maio de 2016, visto o informe técnico desfavorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 11 de maio de 2016, e visto o informe xurídico con



proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/03/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- DESESTIMAR O RECURSO DE REPOSICIÓN presentado pola Sra. Dolores Folgar Brión ante o acordo da Xunta de Goberno local de 31 de marzo de 2016 polo que se deniega a LICENZA DE OBRAS solicitada para levar a cabo a consolidación de estrutura de planta baixa e renovación de cuberta de vivenda unifamiliar, sita no lugar da Ameixida nº 42, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A019013020000KX, en base as motivacións contidas e especificadas no **informe técnico desfavorable** emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 13 de maio de 2016 e no **informe técnico desfavorable** emitido pol Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 11 de maio de 2016.


Segundo.- Notificar a presente resolución á interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN E AMPLIACIÓN DA LICENZA DE OBRA Nº 16/16, CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA NA DATA 3 DE MARZO DE 2016.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar.
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.
REFª CATASTRAL: 150784A007008530000KL.
SITUACIÓN: Lugar de Insuela, Palmeira, Riveira.
PROMOTOR/A: Gema Bures Quintana e Miguel Ángel Fernández Albores.
AUTOR/A PROXECTO: José A. Gómez Domínguez.
PROXECTO: Proxecto Básico de xaneiro de 2016 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2016 / Proxecto Básico de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar de abril de 2016.
NOVA DOCUMENTACIÓN: Proxecto Básico e de Execución Modificado de ampliación de vivenda unifamiliar visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xullo de 2016.
OFICIOS: Oficio de Substitución de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de abril de 2016 / Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de xullo de 2016 / Oficio de Substitución de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 5 de xullo de 2016 / Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de xullo de 2016.
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 147.750,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Primeiro.- Consta no Concello comunicación de obra menor presentada pola Sra. Gema Bures Quintana para realizar muro de peche en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira.

Segundo.- O Vixiante de Rendas J. Ramón Ces Pazos emite informe de acta de comprobación fiscal na data 23.11.15 no que sinala que a obra que se executa no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira incumpre a normativa.

Terceiro.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar visita de comprobación emite informe na data 30 de decembro de 2015 no que fai constar que:

“

(...)

Se considera que la obra de muro de contención en curso de ejecución no se ajusta a las condiciones de la comunicación de obra menor y es objeto de licencia de obra mayor. Por tanto, se considera de aplicación el art. 204 LOUGA sobre obras que no se ajustan a las condiciones de licencia

(...)

”


Cuarto.- Posteriormente por Decreto de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2016 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 1/16 e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Quinto.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Lisardo Fernández López actuando en nome e representación da Sra. Gema Bures Quintana na data 20 de xaneiro de 2016.

Sexto.- En cumprimento do disposto no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no mesmo Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

Sétimo.- Notificado este emprazamento a Sra. Gema Bures Quintana presenta en escrito rexistrado de entrada na data 1.2.16, (Rexistro de entrada nº 923), solicitude de licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar para construción de garaxe en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, achegando coa solicitude Proxecto Básico de xaneiro de 2016 redactado por José A. Gómez Domínguez e Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2016.





Oitavo.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 3 de febreiro de 2016 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:

“
(...)

Se informa favorablemente. Previamente al inicio de las obras se presentará proyecto de ejecución visado y nombramiento de dirección facultativa.

(...)
”

Noveno.- Polo Sr. Lisardo Fernández López actuando en nome e representación da Sra. Gema Bures Quintana presenta en escrito rexistrado de entrada na data 11.2.16, (Rexistro de entrada nº 1.312), Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2016 redactado por José A. Gómez Domínguez.

Asimesmo presenta en escritos rexistrados de entrada na data 19.2.16, 22.2.16, 24.2.16 e 29.2.16, (Rexistro de entrada nº 1.619, 1.680, 1.769 e 1.923), achégase orzamentos modificados para engadir ao expediente.

Décimo.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 1 de marzo de 2016 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:


“
(...)

Se informa favorablemente. En relación a la alineación del muro ya construido en la parte oeste de la parcela que linda con el vial se comprueba su adaptación a las condiciones del contrato de cesión que consta en expediente. En cuanto a las alturas del citado cierre, comprobado el nivel del terreno natural en las parcelas cercanas se considera que es compatible con las normas del PXOM considerando la altura respecto a la cota del terreno natural.

(...)
”

Decimoprimeiro.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira emite informe na data 1 de marzo de 2016 no que analiza en *sentido favorable* o axuste da obra pretendida ás aliñacións determinadas no Planeamento Municipal facendo constar que:

“
(...)





Se solicita comprobación de alineaciones en un muro de nueva construcción en Insuela. Personados los servicios técnicos en el lugar, se realizan mediciones en tres lugares distintos del muro, arrojando las siguientes cifras. 8,15 m., 7,97 m. y 8,05 m., por lo que entendemos que se ajusta sensiblemente a la alineación. La medición se realizó desde el muro de la promoción Grupo Promoeira al nuevo muro recién construido a comprobar.

Es lo que informo a mi leal saber y entender

(...)

”

Decimosegundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 3 de marzo de 2016 acordou por unanimidade:

“

(...)

Primeiro.- CONCEDER a Gema Bures Quintana e Miguel Ángel Fernández Albores LICENZA DE OBRAS para AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE COA CONSTRUCCIÓN DE GARAXE sito no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10.2.16 redactado por José A. Gómez Domínguez:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*


Segundo.- DISPOÑER, o LEVANTAMENTO DA PARALIZACIÓN DAS OBRAS promovidas por Gema Bures Quintana e Miguel Ángel Fernández Albores segundo a nova documentación aportada consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10.2.16 redactado por José A. Gómez Domínguez e proceder ao ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 1/16.

(...)

”

Decimoterceiro.- Posteriormente pola Sra. Gema Bures Quintana en escrito rexistrado de entrada na data 28.4.16, (Rexistro de entrada nº 4.880), solicítase a modificación da licenza de obra nº 16/16 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada de data 3 de marzo de 2016 para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE COA CONSTRUCCIÓN DE GARAXE** sito no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL, achegando coa solicitude Proxecto Básico de abril de 2016 redactado por José A. Gómez Domínguez.

Decimocuarto.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 19 de maio de 2016 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da





obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal debendo efectuar correccións, facendo constar que:

“
(...)

Se informa favorablemente. Previamente al inicio de las obras se presentará Proyecto de Ejecución visado y nombramientos de Dirección Facultativa. En dicho proyecto vendrán justificados los siguientes aspectos:

En el cuadro justificativo del plano U 01 del proyecto básico los cálculos finales de superficie construida y edificable que se supone que se debe a error de transcripción, las alineaciones a 4 metros del eje del camino lateral y adaptada a las alineaciones del PXOM para el camino principal.

Sustitución de la Ley 9/2002 por la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia en el apartado normativa obligatoria.

(...)”

Decimoquinto.- Polo Sr. Anselmo Seráns Millán en escrito rexistrado de entrada na data 10.6.16, (Rexistro de entrada nº 7.400), achégase Plano UO1 Modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xullo de 2016.

Decimosexto.- Polo Sr. Lisardo Fernández López en escrito rexistrado de entrada na data 12.7.16, (Rexistro de entrada nº 9.178), achégase Proxecto Básico e de Execución Modificado de ampliación de vivenda unifamiliar visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xullo de 2016, Oficio de Substitución de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de abril de 2016, Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de xullo de 2016, Oficio de Substitución de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 5 de xullo de 2016, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de xullo de 2016.

Decimosétimo.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 8 de marzo de 2016 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:


“
(...)

Se informa favorablemente. Se comunica al promotor que la obra se realizará adaptada a los parámetros urbanísticos del proyecto básico para el que se otorgó licencia.

(...)

”

FUNDAMENTOS DE DEREITO





Primeiro.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**, *“comprendendo esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto coas direccións de carretera e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.”*.

Segundo.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LOUG), dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Terceiro.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de xaneiro de 2016, Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2016, Proxecto Básico de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar de abril de 2016, Proxecto Básico e de Ejecución Modificado de ampliación de vivenda unifamiliar visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xullo de 2016 redactado por José A. Gómez Domínguez, Oficio de Substitución de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 27 de abril de 2016, Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de xullo de 2016, Oficio de Substitución de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 5 de xullo de 2016, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 8 de xullo de 2016.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.- O artigo 145 da LOUG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Quinto.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.


Sexto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 8 de marzo de 2017, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 12 de maio de 2015, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/03/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á Sra. Gema Bures Quintana e ao Sr. Miguel Ángel Fernández Albores, **A MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 16/16** concedida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 3 de marzo de 2016, para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, sita no lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 150784A007008530000KL, nos termos do Proxecto Básico e de Execución Modificado de ampliación de vivenda unifamiliar visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de xullo de 2016 redactado polo arquitecto José A. Gómez Domínguez.


Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da modificación da licenza de obra e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*





- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **Manuel Lisardo Fiel Torres**, de data 20/03/2017 (Rexistro de entrada nº 4.664), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito na da Rúa Sálvora, nº 66 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 22/03/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder a **Manuel Lisardo Fiel Torres** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, debendo reforzarse a sinalización con liña amarela, na entrada ao garaxe do inmoible sito na Rúa Sálvora, nº 66 (Aguíño).





- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 30 de marzo de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle

